

Memoria final

Club de Lectura IES Ricardo Mella

Curso 2022/2023

1. Datos do centro e nome do club de lectura

A coordinación do **Club de Lectura do IES Ricardo Mella** comezou o curso informando da continuidade do Club de Lectura e buscando persoas interesadas, tanto entre o profesorado, como entre o alumnado e o PAS; tras o que se acadou un grupo de arredor de vinte e cinco persoas interesadas. Na primeira xuntanza do curso, decidiuse seguir cos clubs de lectura do curso anterior, é dicir: un para o público xuvenil (ESO+FPB), coordinado en colaboración co Departamento de Lingua Galega; outro para Bacharelato, Ciclos e persoas adultas; outro de lecturas en igualdade, coordinado en colaboración co Equipo de Igualdade; e outro de Manga, coordinado polo alumnado e coa axuda do coordinador xeral.

Tamén se tomou contacto con outros departamentos para a colaboración no proxecto, como a Biblioteca, os departamentos de linguas, Vicedirección ou o Equipo de Dinamización Lingüística, entre outros.

2. Número de grupos e número de persoas participantes en cada un

Club de Lectura para público novo (alumnos da ESO e FP Básica). 7 participantes.

Club de Lectura de público máis adulto (Bacharelato, profesorado e PAS). 9 participantes

Club de Lecturas en Igualdade (todos os públicos). 12 participantes.

Club de Manga (todos os públicos). 20 participantes

3. Calendario de reunións levadas a cabo e horario no que se realizaron

As sesións foron presenciais e con carácter quincenal en todos os grupos, agás no Club de Manga que se reuniu semanalmente. As xuntanzas foron durante o tempo do recreo (30 minutos) con diferentes localizacións como a Biblioteca, o Salón de Actos, o Ximnasio ou a Aula de Convivencia. Porén, nalgúns ocasións vímonos na obriga de aprazar algunha das sesións para semanas posteriores por diferentes motivos (falta de participantes, exames, outras saídas programadas...).

XUVENIL	BACH + ADULTOS	IGUALDADE	MANGA
<i>O cemiterio de barcos</i> , de Francisco Castro, Reunións presenciais: 17/10/22 e 1/11/22	<i>Cabalos e lobos</i> , de Fran P. Lorenzo Reunións presenciais: 19/10/23 e 3/11/22	<i>Ferreñas & Rock and Roll</i> , de Laura Romero e Iria Pedreira Reunións presenciais: 18/10/22 e 2/11/22	<i>Cósmico, o bombeiro galáctico</i> , de Fon Reunións: todos os venres do curso
<i>A era de Lázaro</i> , de Paula Carballeira Reunións presenciais: 24/1/23 e 7/2/23	<i>Morning Star</i> , de Xosé Miranda. Reunións presenciais: 19/1/23 e 9/2/23	<i>Corredora</i> , de María Reimóndez Reunións presenciais: 18/1/23 e 8/2/23	TAM, de Anémona de Río Reunións: todos os venres do curso
<i>As meigas de Lupa</i> , de María Solar Reunións presenciais: 28/2/23 14/3/23	<i>As Ramonas</i> , de Ana Cabaleiro Reunións presenciais: 2+3/2/23 15+16/3/23		TAM 2, de Anémona de Río Reunións: todos os venres do curso
<i>Plan de rescate</i> , De Antía Yáñez Reunións presenciais: 25/4/23 9/5/23	<i>O libro negro da lingua galega</i> , de Carlos Callón Reunións presenciais: 27/4/23 11/5/23	<i>Un cesto de mazás</i> , de Montse Fajardo Reunións presenciais: 26/4/23 10/5/23	<i>A proba de auga</i> , de Anémona de Río Reunións: todos os venres do curso
<i>Os corpos invisibles</i> , de Enma Pedreira Reunións presenciais: 30/5/23 13/6/23	<i>O libro negro da lingua galega</i> , de Carlos Callón Reunións presenciais: 26/5/23 15/6/23	Letras de - <i>O Rabelo</i> - Suor Reunións presenciais: 25/5/23 14/6/23	

Memoria final

Club de Lectura IES Ricardo Mella

Curso 2022/2023

4. Breve descripción das actividades desenvolvidas

Club Xuvenil

Este club botou a andar en outubro e tivo unha periodicidade quincenal. O número de alumnado participante foi variando ao longo do curso, xa que comezamos con 10 persoas pero finalmente remataron 7. As escollas das lecturas foron propostas polo coordinador xeral dos clubs, Kike Estévez, en colaboración coa coordinadora deste club, Vera Álvarez, profesora de Lingua Galega; e sempre tendo en conta o orzamento dispoñible e os fondos existentes na propia Biblioteca. No que atinxe ás obras lidas este curso foron as seguintes: *O cemiterio de barcos*, de Francisco Castro; *A era de Lázaro*, de Paula Carballeira; *As meigas de Lupa*, de María Solar; *Plan de rescate*, de Antía Yáñez e *Os corpos invisibles*; de Enma Pedreira. Ademais, o alumnado puido gozar coa charla e posterior contada de Paula Carballeira, sobre o seu libro *A era de Lázaro* (Ligazón en: [Charla Paula Carballeira](#)). Neste club, gustou especialmente ao alumnado o libro *Plan de rescate*, de Antía Yáñez



Club Persoas Adultas

Este club botou a andar en outubro e tivo unha periodicidade quincenal. O número de alumnado participante foi variando ao longo do curso, xa que comezamos con 15 persoas pero finalmente remataron 9, en moitos casos debido á alta carga de traballo nos cursos de 2º BACH. A primeira das escollas das lecturas foi proposta polo coordinador do club, Kike Estévez, mais nas seguintes foi o alumnado o que fixo as eleccións; e sempre tendo en conta o orzamento dispoñible e os fondos existentes na propia Biblioteca. No que atinxe ás obras lidas este curso foron as seguintes: *Cabalos e lobos*, de Fran P. Lorenzo; *Morning Star*, de Xosé Miranda.; *As Ramonas*, de Ana Cabaleiro e *O libro negro da lingua galega*, de Carlos Callón. Ademais, o alumnado puido gozar coa charla de Ana Cabaleiro, sobre o seu libro *As ramonas*. Neste club, gustou especialmente ao alumnado o libro *Cabalos e lobos*, de Fran P. Lorenzo. Por outra parte, neste club levouse ao cabo a edición de *booktrailers* de cada un dos libros escollidos. Deixamos por aquí a ligazón ao



vídeo-resumo dos Clubs de Lectura 2022-2023 no que se poden ver algúns dos *booktrailers* realizados: [Clubs de Lectura 2022-2023 IESRM](#)

Club de Lecturas en Igualdade

Este club botou a andar en outubro e tivo unha periodicidade quincenal. O número de alumnado participante foi variando ao longo do curso, xa que comezamos con 15 persoas pero finalmente remataron 12, nalgúns casos debido diferentes impedimentos, como abandonos ou enfermidades. As escollas das lecturas foron propostas polo coordinador xeral dos clubs, Kike Estévez, en colaboración coa coordinadora deste club, Raquel Martínez; e sempre tendo en conta o orzamento dispoñible e os fondos existentes na propia Biblioteca. As obras lidas este neste club curso foron as seguintes: *Ferreñas & Rock and Roll*, de Laura Romero e Iria Pedreira ; *Corredora*, de María Reimóndez; *As Ramonas*, de Ana Cabaleiro; *Un cesto de mazás*, de Montse Fajardo e as letras do EP titulado *Suor*; de O Rabelo. Ademais, o alumnado puido gozar coas charlas de [Laura Romero](#), [Ana Cabaleiro](#) e [Montse Fajardo](#), que en colaboración co Equipo de Igualdade, viñeron ata o noso centro a falarnos dos seus libros.



Memoria final
Club de Lectura IES Ricardo Mella
Curso 2022/2023

Club Manga

O Club de Manga realizou xuntanzas constantes, todos os venres do curso no recreo, desde finais de outubro até finais de maio. Durante as reunións leron mangas de distintos xéneros e idiomas propostos polo coordinador do seu grupo, e tamén algúns títulos manga en lingua galega, propostos polo coordinador xeral dos clubs de lectura do centro, como *A proba de auga* ou *TAM*, ambas da viguesa Anémona de Río. Ademais, no mes de abril, o grupo do Club de Manga fixo unha saída ata o IES Valadares, onde se celebrou este curso a Xuntanza Manga, que convocou dúcias de mozas e de mozos que pasaron toda a mañá entre obradoiros de Hiragana, torneos de Quizzizz, kahoots, concursos de cosplay... e moitas actividades máis (Ligazón en: [Xuntanza Manga](#))



5. Títulos lidos ao longo do curso

Club Xuvenil: <i>O cemiterio de barcos</i> , de Francisco Castro, <i>A era de Lázaro</i> , de Paula Carballeira <i>As meigas de Lupa</i> , de María Solar <i>Plan de rescate</i> , de Antía Yáñez <i>Os corpos invisibles</i> ; de Enma Pedreira	Club Persoas Adultas : <i>Cabalos e lobos</i> , de Fran P. Lorenzo <i>Morning Star</i> , de Xosé Miranda. <i>As Ramonas</i> , de Ana Cabaleiro <i>O libro negro da lingua galega</i> , de Carlos Callón
Club de Lecturas en Igualdade : <i>Ferreñas & Rock and Roll</i> , de Laura Romero e Iria Pedreira <i>Corredora</i> , de María Reimóndez <i>As Ramonas</i> , de Ana Cabaleiro <i>Un cesto de mazás</i> , de Montse Fajardo <i>Letras de Suor</i> ; de O Rabelo	Club Manga: <i>Cósmico, o bombeiro galáctico</i> , de Fon <i>TAM</i> , de Anémona de Río <i>TAM 2</i> , de Anémona de Río <i>A proba de auga</i> , de Anémona de Río

6. Materiais elaborados

Durante este curso realizáronse diferentes materiais para as xuntanzas iniciais de cada un dos clubs que se levaron ao cabo no noso IES. Estes materiais consistiron en diferentes carteis de anuncio das sucesivas actividades do proxecto e tamén nunha serie de fotocopias que se repartían entre o alumnado participante na primeira quedada de cada obra; e nas que se facía algunha aproximación á obra e ao autor ou autora elixida para a ocasión. Nalgúns casos, estas aproximacións constaron da escoita e canto conxunto dalgunhas das músicas relacionadas co libro. Estas aproximacións foron do seguinte tipo:

- Detalles autobiográficos e bibliográficos da persoa autora da obra
- Detalles iniciais da obra (tempo, personaxes...)
- Localizacións espaciais específicas da obra
- Músicas relacionadas coa obra ou persoa autora

7. Enderezo electrónico do espazo web do club de lectura

Durante todo o curso, as actividades que se foron realizadas foron difundíndose por medio de diferentes canles:

- [Blog de Normalización do Centro](#)
- [Facebook do Equipo de Dinamización Lingüística](#)
- [Youtube do Club de Lectura do IES Ricardo Mella](#)

Nestes sitios web pódense ver todas as actividades realizadas ao longo do ano. Non incluiremos aquí, xa que logo, imaxes de todas para non sobrecargar este documento.

Memoria final
Club de Lectura IES Ricardo Mella
Curso 2022/2023

8. Colaboracións con outros clubs ou con outras institucións culturais da contorna

Este curso colaboramos especialmente co Club Manga de Valadares, que foi o encargado de organizar a Xuntanza Manga deste ano. Para poder realizar este acto creouse un grupo de whatsapp entre as diferentes persoas coordinadoras dos diversos clubs de manga dos centros da contorna, no que se debateu, organizou e incluso se creou material para empregar durante a xuntanza.

9. Descrición das rutas literarias creadas ou realizadas, no seu caso.

No que se refire á creación de rutas, durante este curso o Club de Lectura colaborou co Equipo de Dinamización Lingüística na creación dunha ruta literaria desde o noso centro ata a fábrica de papel abandonada “La Cristina”, a apenas 10 minutos camiñando do noso centro, inaugurada en 1862 e da que se sabe que saíu o papel para a primeira edición de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro; publicado en Vigo en 1863. Aproveitando a ruta creada para o Proxecto Lagares polo Equipo de Dinamización Lingüística, descubrimos este lugar que será de visita obrigada nos vindeiros cursos dos Clubs de Lectura do IES Ricardo Mella.

10. Xustificación do gasto

O gasto dos 790 € dispoñibles polo Club de Lectura desde xaneiro de 2023 foi acometido nos seguintes conceptos:

- a) Merca de libros novos para a realización dos clubs de lectura propostos (3 facturas): 390€
- b) Charla sobre “A era de Lázaro” + sesión de contacontos de Paula Carballeira (1 factura): 400€

Entre os libros que se mercaron este ano 2023 para os clubs de lectura están: *As ramonas*, *Morning Star*, *Corredora*, *Tam 2* ou *A proba de Auga*. Ademais, coa última parte do orzamento mercáronse algúns libros para as lecturas do ano que vén; como *Irene, a porteira* ou *A parte dos Anxos*.